



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL OROSO

*Delegación de competencias de Alcaldía nos concelleiros*

### ANUNCIO

Con data de 20/06/2023 por parte da Alcaldía ditouse a resolución nº 841/2023 co seguinte contido literal:

“LOGO DE VER as atribucións que me confire o artigo 43 e seguintes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e coa finalidade de conseguir unha maior eficacia na xestión municipal, con esta data RESOLVO:

**PRIMEIRO.** Sen prexuízo da superior dirección política, goberno e coordinación da Alcaldía, os servizos corporativos do Concello de Oroso estrutúranse nas seguintes áreas que estarán dirixidas polos Concelleiros que se indican e coa delegación de competencias atribuídas a esta Alcaldía nas citadas áreas:

- 1 Área de SERVICIOS SOCIAIS, MAIORES E SANIDADE, dentro da cal se incluírá axuda no fogar, xantar na casa, RISGA, reparto de alimentos, dependencia, atención ao menor vulnerable, sanidade e maiores dirixida pola concelleira D<sup>a</sup>. Lidia López Gándaras.
- 2 Área de CULTURA, ENSINO, INFANCIA, XUVENTUDE, MULLER E IGUALDADE dentro da cal se incluírá a competencia municipal en colexios e escolas, programas de conciliación, aula mentor, xuventude e infancia, escola de música, actividades lúdicas e grupos folclóricos, Festa da Troita e da Xuventude, ocio, muller, igualdade e as restantes actividades culturais dirixida pola concelleira D<sup>a</sup>. María Requejo Guillén.
- 3 Área de MEDIO RURAL, PARROQUIAS, RELACIÓNS VEIÑAIS E MOBILIDADE dentro da cal se incluírán asociacións de veciños, pistas municipais, carpa, locais sociais, comisións de festas, parroquias e transporte, prevención de incendios dirixida por D. José Carlos Mosquera Boo.
- 4 Área de SEGURIDADE E MEDIO AMBIENTE que incluírá Policía Local, Protección Civil, medio ambiente, xardíns, áreas recreativas, punto limpo, prevención de incendios dirixida por D. Óscar Rodríguez Piñeiro.
- 5 Área de OBRAS, SERVICIOS E LIMPEZA que incluírá obras, brigada municipal de obras, auga e saneamento, alumeadado público, operarios de limpeza e recollida de lixo dirixida por D. Jesús Fernández Barreiro.
- 6 Área de DEPORTES, TURISMO E COMERCIO que incluírá deportes, escolas deportivas, clubs deportivos, instalacións deportivas, piscina municipal, turismo, camiño de Santiago, Festa da Troita e Xuventude, comercio, hostalería e mercados dirixida por D. Carlos Fernández Barreiro.

**SEGUNDO.** Por delegación desta Alcaldía, e sen prexuízo das facultades que se puideran avocar en posteriores resolucións, os Concelleiros delegados de área, en relación coas áreas obxecto de delegación, exercerán atribucións de dirección interna e de xestión dos servizos correspondentes, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, que será exercida polo órgano municipal ao que corresponda a competencia, quedando suxeitas ao réxime xeral previsto no Real Decreto 25698/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

**TERCEIRO.** Por delegación desta Alcaldía, e sen prexuízo das facultades atribuídas no apartado anterior, os Concelleiros que se indican ostentarán as seguintes atribucións resolutivas, incluíndo a facultade de sinatura:

D<sup>a</sup>. Lidia López Gándaras, D<sup>a</sup>. María Requejo Guillén, D. José Carlos Mosquera Boo, D. Óscar Rodríguez Piñeiro, D. Jesús Fernández Barreiro, D. Carlos Fernández Barreiro delegase a competencia para firmar os informes de necesidade dos contratos correspondentes ás súas áreas.

**CUARTO.** Deixar sen efecto calquera Resolución anterior que teña sido ditada sobre delegación de atribucións en concelleiros.

**QUINTO.** As presentes delegacións fanse sen prexuízo das especiais que se poidan acordar en calquera Concelleiro relativas a proxectos ou asuntos determinados que poderán conlevar a facultade de emitir actos que afecten a terceiros, conforme ó establecido no artigo 43.5 a) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

**SEXTO.** O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do Real Decreto 2568/1986.

**SÉTIMO.** Notificar a presente Resolución a todos os Concelleiros afectados. A delegación de atribucións requirirá para ser eficaz a súa aceptación por parte do concelleiro delegado. Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 114.1 do Real Decreto 2568/1986, a delegación se entenderá aceptada tácitamente se no termo de tres días hábiles contados desde a notificación da presente o concelleiro ou concelleira destinatario da delegación non fai manifestación expresa ante este órgano delegante de que non acepta a citada delegación.

**OITAVO.** Comunicar a presente Resolución a todos os Xefes dos diferentes Servizos Municipais para o seu coñecemento e efectos.

**NOVENO.** A presente Resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao establecido no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986.

**DÉCIMO.** Da presente Resolución darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación os efectos de que tome coñecemento da mesma de conformidade co establecido no artigo 44.4 do Real Decreto 2568/1986, en relación co artigo 38 d) do mesmo corpo legal.”

Oroso, 21 de xuño de 2023

Alcalde da Corporación.

Alexander Doval Expósito.

2023/4979



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL OROSO

*Delegación de competencias de Alcaldía en concelleira*

### ANUNCIO

Con data de 28/06/2023 esta Alcaldía procedeu a ditar resolución nº 884/2023 co seguinte contido:

“LOGO DE VER as atribucións que me confire o artigo 43 e seguintes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e coa finalidade de conseguir unha maior eficacia na xestión municipal, con esta data **RESOLVO**:

**PRIMEIRO:** Delegar en D<sup>a</sup>. María Requejo Guillén concelleira desta corporación as seguintes competencias de Alcaldía:

- 1 En relación co Servizo de Padrón de habitantes e outros padróns, efectúase a seguinte delegación:
  - Expedir as certificacións de empadramento, convivencia e cifra de poboación, firmando o visto e prace das mesmas.
- 2 En relación co Servizo de Persoal
  - Firmar as nóminas de todo tipo de persoal e membros da corporación.

**SEGUNDO.** A presente delegación faise sen prexuízo das especiais que se poidan acordar en calquera Concelleiro relativas a proxectos ou asuntos determinados que poderán conlevar a facultade de emitir actos que afecten a terceiros, conforme ó establecido no artigo 43.5 a) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

**TERCEIRO.** O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do Real Decreto 2568/1986.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á concelleira afectada. A delegación de atribucións requirirá para ser eficaz a súa aceptación por parte da concelleira delegado. Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 114.1 do Real Decreto 2568/1986, a delegación se entenderá aceptada tácitamente se no termo de tres días hábiles contados desde a notificación da presente o concelleiro ou concelleira destinatario da delegación non fai manifestación expresa ante este órgano delegante de que non acepta a citada delegación.

**QUINTO.** Comunicar a presente Resolución a todos os Xefes dos diferentes Servizos Municipais para o seu coñecemento e efectos.

**SEXTO.** A presente Resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao establecido no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986.

**SÉTIMO.** Da presente Resolución darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación os efectos de que tome coñecemento da mesma de conformidade co establecido no artigo 44.4 do Real Decreto 2568/1986, en relación co artigo 38 d) do mesmo corpo legal.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Oroso, 28 de xuño de 2023

O alcalde,

Alexander Doval Expósito.